

TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BCC de Galicia
Antropoloxía e patrimonio etnográfico
Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais
Formación básica
Curso: 1º
Anual
4 ECTS
Teórica
Profesor: Álvaro R. Arizaga Castro
arizaga@edu.xunta.gal
Horario: 2 horas semanais
DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Introdución á antropoloxía cultural e ao estudo dos bens culturais que conforman o patrimonio etnográfico, tanto material como inmaterial. O método antropolóxico como forma de aproximación aos bens culturais. Tipoloxía e principais características dos bens etnográficos.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X10	Coñecer a evolución histórica do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración, e as principais institucións competentes na conservación do patrimonio.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA
Coñecer os fundamentos básicos da disciplina antropolóxica.
Acadar os fundamentos básicos da documentación etnográfica, sobre todo a partir do contacto directo coas fontes orais.
Coñecer os principais repertorios dos bens etnográficos materiais relacionados coa arquitectura, o mundo rural, artesanía e relixiosidade en Galicia, desenvolvendo a capacidade para relacionar estes bens con outros semellantes doutras zonas xeográficas.
Acadar un achegamento aos repertorios doutro tipo de bens etnográficos de coñecemento máis especializado.
Acadar un achegamento ao coñecemento dos aspectos inmateriais do patrimonio etnográfico.

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% da materia
1. Introducción conceptual e lexislativa.	<p>Teoría e fundamentos de antropoloxía, etnoloxía e etnografía. O enfoque do traballo antropolóxico. Arqueoloxía como antropoloxía.</p> <p>Lexislación sobre salvagarda, protección e conservación do patrimonio etnográfico. Os conceptos de “patrimonio etnográfico”, “tradición” e “cultura popular”. O debate sobre a definición do patrimonio etnográfico.</p> <p>Recomendacións bibliográficas sobre as sociedades campesiñas europeas e sobre outros estudos antropolóxicos (exemplos extraeuropeos).</p>	15%
2. Arquitectura popular.	<p>Arquitectura popular e “feísmo”.</p> <p>Elementos básicos da arquitectura tradicional.</p> <p>Zonificación da arquitectura tradicional galega.</p> <p>Construcións de cuberta vexetal.</p>	20%
3. Patrimonio inmaterial.	<p>O concepto de patrimonio inmaterial da UNESCO.</p> <p>Tradición oral, toponimia, mitoloxía popular e outros elementos.</p> <p>Festividades estacionais das sociedades campesiñas europeas.</p>	10%
4. Bens mobles, agricultura tradicional e museoloxía etnográfica.	<p>Interiores da casa, moblaxe e lareiras.</p> <p>Museos etnográficos e agricultura tradicional.</p> <p>O carro.</p> <p>Xaquín Lorenzo e o Museo do Pobo Galego.</p>	15%
5. Enxeñería popular.	<p>Introdución ós muíños e estruturas hidráulicas.</p> <p>Muíños de río, mareas, vento, aceite e casca.</p> <p>Batáns, mazos e serrerías.</p>	15%
6. Outros monumentos:	<p>Hórreos e cruceiros, símbolos da etnografía galega.</p> <p>Os hórreos. Zonificación.</p>	10%

simbolismo e relixiosidade popular.	Os cruceiros.	
7. Oficios e artesanías tradicionais.	Olaría popular galega. A cantería tradicional e a súa relación coa conservación-restauración. Industria textil tradicional: o liño e a la. Outros (cestaría, cordelería, papel etc.).	2,5%
8. Outros elementos e personaxes de relevancia antropolóxica.	Carmelo Lisón Tolosana, Staffan Mörling, Elixio Rivas... Antropoloxía mariñeira e embarcacións tradicionais. Aproximacións tradicionais ó folclore (vestimenta, música, etc.).	2,5%
9. Etnoloxía á marxe da sociedade campesiña: as sociedades indíxenas como patrimonio humano.	Antropoloxía de comunidades “tribais” dende unha perspectiva internacional. Pierre Clastres e Survival. Inuit e innu. “Nanook” de Robert Flaherty. As antípodas. Sioux e o concepto do “monumento salvaxe”.	10%
<p>A porcentaxe de reparto das unidades didácticas no total da materia é aproximada e dependerá da evolución das clases e das actividades desenvolvidas durante o curso. O mesmo sucede coa orde en que se impartirán as unidades didácticas.</p>		

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral.	40	14	54
Traballo titorizado.	20	14	34
Estudos de caso, debates e outras actividades.	12		12
Total	72	28	100

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral.	Coñecemento das bases teóricas da materia sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as presentacións orais e outras ferramentas: presentacións vistas na aula, vídeos, literatura científica e titorías didácticas.
Traballo titorizado.	Orientacións na aula para a realización dun traballo individual sobre patrimonio etnográfico, de tema escollido polo alumnado co enfoque e as ferramentas proporcionadas polo profesorado.
Debates, estudos de casos, visitas e outras actividades.	Charlas abertas e comentarios críticos participativos a partir das clases e lecturas. Outros exercicios de reflexión e propostas de intervención, de

	forma individual ou cooperativa. Outras actividades, como saídas e visitas externas e posibles traballos asociados a elas.
--	--

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Primeira proba escrita parcial (en torno a finais do primeiro cuadrimestre).	Corrección lingüística e expresión escrita; coñecemento dos contidos; calidade das propostas; capacidade para o comentario antropolóxico; competencias científicas; capacidades de análise e síntese.	35%
Segunda proba escrita parcial (en torno a finais do segundo cuadrimestre).	Corrección lingüística e expresión escrita; coñecemento dos contidos; calidade das propostas; capacidade para o comentario antropolóxico; competencias científicas; capacidades de análise e síntese.	20%
Traballo titorizado escrito.	Calidade do aparato crítico; corrección escrita; presentación; capacidade para a investigación; calidade e cantidade da recolleita e do traballo de campo; capacidade de análise.	20%
Presentación oral do traballo titorizado.	Competencias expositivas; capacidade de síntese; desenvolvemento dos contidos e habilidades divulgativas.	25%
SISTEMAS DE AVALIACIÓN (ORDINARIA E EXTRAORDINARIA)		
Método	Criterios	% avaliación
Exame final ordinario.	Exame escrito para o alumnado que non superase a avaliación continua (por falta de rendemento académico, por perder o dereito á mesma ou por renunciar á mesma). Poderá terse en conta tamén, de maneira optativa para o alumnado, o traballo titorizado, nas mesmas porcentaxes da avaliación ordinaria.	100%
Exame final extraordinario.	Exame para os alumnos/as que non superasen a avaliación continua ou o exame final ordinario. Poderá terse en conta tamén, de maneira optativa para o alumnado, o traballo titorizado, nas mesmas porcentaxes da avaliación ordinaria.	100%
OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN		
<p>A asistencia é obrigatoria no sistema normal de avaliación (avaliación continua). Porén, o control de asistencia non implicará unha porcentaxe da avaliación. O alumno perderá o dereito á avaliación continua se supera o número máximo de faltas sen xustificar (25% = 18 horas de clase).</p> <p>Na avaliación continua avaliarase de forma positiva o progreso do proceso de aprendizaxe. A cualificación da materia resultará da suma das cualificacións acadadas nas diferentes probas e exercicios, pero terase en conta a mellora experimentada ó longo do curso. Este factor non poderá ser tido en conta noutros tipos de sistemas de avaliación (ordinaria / extraordinaria).</p>		

A perda do dereito a avaliación continua supón a realización dunha proba escrita en convocatoria ordinaria da que resultará a cualificación total acadada na materia (100% da nota final).

Igualmente, en convocatoria extraordinaria avaliarase mediante a realización dunha proba escrita da que resultará a cualificación total acadada na materia (100% da nota final).

Porén, dada a importancia didáctica do traballo titorizado, o alumnado poderá presentar tamén o traballo titorizado na avaliación ordinaria e na extraordinaria, coas mesmas porcentaxes na avaliación. Neste suposto, a presentación oral soamente será tida en conta se foi posible presentala ante o resto do alumnado ó longo do curso.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso a través das titorías docentes e a través do correo electrónico. O horario de titorías poderá ser ampliado segundo as necesidades do alumnado.

As presentacións empregadas na aula serán entregadas a través de *moodle*. Usarase tamén esta plataforma para formalizar a entrega de traballos e para outros usos relacionados coa materia. O uso desta plataforma é obrigatorio para todo o alumnado.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Patrimonio etnográfico de Galicia / Arquitectura popular

- Caamaño Suárez, M. 2006. *Galicia. As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. A Coruña, Hércules.
- Lorenzo Fernández, X. 1982. *A casa*. Vigo, Galaxia.
- Lorenzo Fernández, X. 1983. *A terra*. Vigo, Galaxia.
- Lorenzo Fernández, X. 1982. *Os oficios*. Vigo, Galaxia.
- Lorenzo Fernández, X. 1982. *O mar e os ríos*. Vigo, Galaxia.
- Mariño Ferro, X. R. e González Reboredo, X. M. 2010. *Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galicia*. Xixón, Nigratea.

Teoría antropolóxica / Sociedades extraeuropeas

- Barley, N. 1989. *El antropólogo inocente*. Barcelona, Anagrama (ed. or. Ing. 1983).
- Bohannan, P. 1996. *Para raros, nosotros. Introducción a la antropología cultural*. Madrid, Akal (ed. or. ing. 1991). Chatwin, B. 2007. *Los trazos de la canción*. Barcelona, Península (ed. or. Ing. 1987).
- Kroeber, T. 1984. Ishi. *El último de su tribu*. Barcelona, Antoni Bosch (ed. or. Ing. 1964).
- Lévi-Strauss, C. 2002. *El pensamiento salvaje*. Madrid, FCE (ed. or. fr. 1962).
- Lévi-Strauss, C. 2006. *Tristes trópicos*. Madrid, Paidós (ed. or. fr. 1955).

Documentais / audiovisuais

- Chano Piñeiro - *Mamasunción*
- Xaquín Lorenzo e Antonio Román – *O carro e o home*
- Robert Flaherty – *Nanook do norte*

Algunhas páxinas en rede

- <http://www.museodopobo.gal>

- <http://proxectoterra.coag.es>
- <https://www.survival.es/>

OBSERVACIÓN

A biblioteca da ESCRBCG conta con abondoso material bibliográfico específico sobre os contidos da materia. Pode consultarse o catálogo en <https://escolaconservacion.edubib.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-main.pl>. O epígrafe principal para as obras de antropoloxía e patrimonio etnográfico é o 4.7.